



RESUMO DA BAREMACIÓN

Existencia de irmáns no centro:	
Por un/unha irmá/án matriculado no centro	8 puntos
Polo segundo e seguintes irmáns matriculados no centro	2 puntos cada un
Só se terán en conta os irmáns que vaian continuar escolarizados no curso para o cal se solicita a admisión no mesmo centro, ou noutro centro público que teña a consideración de centro único (isto é, centro adscrito e de adscrición do nivel inmediato superior). Máximo 14 puntos.	
Por proximidade do domicilio familiar ao centro: (domicilio e lugar de traballo non suman) (Volante histórico de convivencia)	
Se o domicilio familiar se encontra na área de influencia do centro	8 puntos
Se o domicilio familiar se encontra nas áreas limítrofes á área de influencia do centro	4 puntos
Pola proximidade do lugar de traballo ao centro: (domicilio e lugar de traballo non suman) (Certificado de empresa do que é traballador indicando a dirección onde presta servizos.)	
Se o lugar de traballo do pai, nai ou titor legal, situado dentro da área de influencia do centro	6 puntos
Se o lugar de traballo do pai, nai ou titor legal, situado nas áreas limítrofes á área de influencia do centro	3 puntos
Pola renda anual da unidade familiar: (Casilleiro 435+460 da renda do 2021)/ N.º de membros da unidade familiar a 01/03/2023 IPREM 6778,80 euros (recoñéceo a aplicación directamente autorizando na solicitude)	
Pola renda per cápita da unidade familiar (IPREM) se é inferior a 0,5 veces o IPREM	3 puntos
Se é igual ou superior a 0,5 veces e inferior a 0,75 veces o IPREM	2 puntos
Se é igual ou superior a 0,75 e inferior ao IPREM	1 punto
Se é igual ou superior ao IPREM	0 puntos
Por ser traballador do propio centro: (so se conta un con independencia de que ambos proxenitores traballen nel) (Contrato de traballo, socios cooperativistas, relación funcional ou asimilada)	
Por nai, pai, titores ou titores legais que traballen no centro	3 puntos
Por pertencer a unha familia numerosa: (recoñéceo a aplicación directamente autorizando na solicitude)	
Por familia numerosa de categoría especial	3 puntos
Por familia numerosa de categoría xeral	2 puntos
Por alumnado de parto múltiple: (sempre que soliciten o mesmo centro)	
Se son 2 irmáns	8 puntos
Se son máis de 2	10 puntos
Por familia monoparental: (Certificado da DX de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica) 881999011/proteccionmenores@xunta.gal	
	2 puntos



Por discapacidade: (recoñéceo a aplicación directamente autorizando na solicitude)	
Do alumno/a	4 puntos
Da nai, pai ou titor legal	3 puntos
Nalgún dos irmáns ou irmás do alumno/a	1 punto
Por discapacidade igual ou superior ao 33 % dos membros computables da unidade familiar cun máximo de 4 puntos	
Por condición de vítima de violencia de xénero de calquera dos membros da unidade familiar:	2 puntos
Por condición de vítima de terrorismo de calquera dos membros da unidade familiar:	2 puntos
Por criterios complementarios:	
Os centros docentes poderán escoller, de forma motivada, como criterio complementario, calquera circunstancia relevante e obxectiva, e indicarán a forma de acreditala. Esta circunstancia tamén poderá ser calquera dos criterios de admisión indicados nesta orde. A aprobación do criterio complementario correspóndelle ao consello escolar. Este acordo de aprobación e a forma de acreditar o criterio comunicaranse en todo caso á xefatura territorial no prazo de 2 días hábiles seguintes á súa adopción e publicaranse na aplicación <i>admisionalumnado</i> .	1 punto
Valoración do expediente académico para o acceso ao bacharelato:	
Nota media de sobresaliente	2 puntos
Nota media de notable	1 punto
Nota media de ben	0,50 puntos